

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Comunicación de novo prazo de execución de resolución municipal número 608/2025 de 25 de febreiro de 2025. Notificacións infrutuosas.

Expediente 2025/P002/000001.

Por medio deste anuncio ponse en coñecemento que por Resolución da Alcaldía número 1899 do 4 de xullo de 2025, fíxase un novo prazo para dar cumprimento á resolución municipal número 608 do 25 de febreiro de 2025 pola que se ordena o peche e o cese definitivo da actividade que se está desenvolvendo nas instalacións da estación de servizo situada no número 1 de la rúa Poniente de Carballo, establecido ata o día 11 de xullo de 2025.

A dita resolución foi notificada aos promotores da instalación, de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co resultado de ser infrutuosa a notificación do seguinte interesado, como titular da licenza de 2014:

TORÁS DESARROLLOS, S.L.

O artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que “cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, cando, intentada esta, no se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial do Estado”.

En consecuencia e segundo o exposto no parágrafo anterior, publícase este anuncio polas notificacións infrutuosas aos citados interesados no procedemento, comunicándolles que:

O texto íntegro da notificación xunto coa totalidade do expediente atópase á súa disposición na Oficina Técnica do concello de Carballo, situada na 1ª planta da Casa Consistorial, na Praza do Concello, onde poderán examinalo no prazo de 10 días, contados desde o seguinte ao da publicación deste edicto no BOE. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

En Carballo, 18 de agosto de 2025

O alcalde – Evencio Ferrero Rodríguez